

XUÑO 2017

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xuño 2017

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16
VIAXEIROS	10.608.777	4,2%	460.539	0,4%
NOITES	36.550.738	6,2%	859.230	8,5%
ESTADÍA MEDIA	3,45	1,9%	1,87	8,0%
% OCUPACIÓN	66,45%	3,28	40,94%	2,80
% OCUPACIÓN Fds	71,91%	2,62	47,57%	1,97

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de xuño Galicia rexistrou un incremento global da demanda hoteleira -medida en pernoctacións- do 8,5% auspiciado por un suave crecemento da cifra de viaxeiros aloxados –do 0,4%- e, sobre todo, por unha mellora da estadía media –que supera nun 8,0% as cifras do pasado ano-.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa unha mellora dos niveis de demanda hoteleira no mes de xuño. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 –por mor do efecto pos-Xacobeo nun contexto de crise- o volume de pernoctacións hoteleiras estabilízase en 2013 e comeza en 2014 unha senda positiva cun incremento do 8,3% que terá continuidade nos tres anos posteriores –con subas do 12,8% en 2015, do 4,5% en 2016 e do 8,5% en 2017-. Esta dinámica positiva eleva a cifra final a case 860 mil noites, dato que supón un máximo histórico na nosa –nunca antes se conseguira superar a barreira das 800 mil noites neste sexto mes do ano-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é semellante. A tendencia positiva comeza neste caso en xuño de 2013 e concatena cinco anos consecutivos de crecemento desta variable, con porcentaxes variables –do 8,7% en 2013, do 6,7% en 2014, do 19,2% en 2015, do 5,4% en 2016 e do 0,4% agora en 2017-. O resultado desta dinámica eleva a cifra final de viaxeiros aloxados a 460 mil, dato que supón tamén un máximo histórico na nosa comunidade.
- En termos de volume a variación tradúcese en preto de dous mil novos viaxeiros e en algo máis de 67 mil novas pernoctacións en relación a xuño de 2016.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante aínda que con diferente intensidade: sobe a cifra de viaxeiros aloxados nun 4,2% e tamén o volume de pernoctacións, un 6,2% neste caso.
- Esta dinámica positiva vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en practicamente todas as comunidades autónomas, coa excepción de Castela A Mancha -que amosa unha leve caída do 0,3% en relación ao pasado ano-.
- Son comunidades do norte peninsular, e concretamente A Ríoxa, Cataluña e o País Vasco, as que amosan maior dinamismo neste mes de xuño –rexistran os incrementos de maior intensidade neste caso con subas do 15,0%, 12,4% e 11,6% respectivamente-. Nun segundo grupo sitúase a C. Valenciana –que rexistra un crecemento do 9,4%- e Galicia e Navarra –con incrementos do 8,5% interanual-.

- No lado contrario son Murcia e Aragón os destinos que amosan un crecemento máis moderado, menos intenso –do contorno do 2% interanual neste caso-.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking difire sensiblemente. Neste é a C. Valenciana a que presenta o incremento máis notable, do 8,3%, seguida de Cantabria e Cataluña –con porcentaxes próximas ao 8% interanual-. Galicia neste caso rexistra o incremento máis suave e moderado de todas as comunidades autónomas.
- Baleares –con algo máis de 9,4 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de xuño –absorbendo o 25,8% do total estatal-. Tal circunstancia acontecera xa no pasado mes de maio e contraponse, sen embargo, ao que viña acontecendo nos catro primeiros do ano cando Canarias lideraba, e con certa distancia, o mercado hoteleiro a nivel estatal.
- Seguen en orde de importancia Cataluña –con preto de 6,7 millóns-, Canarias –con preto de 5,7 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con algo máis de 5,5 millóns-, a C. Valenciana –con pouco máis de 2,9 millóns- e Madrid –con case 2,1 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 88,5% do total da demanda hoteleira de España. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –por vez primeira no que vai de ano- representando o 2,4% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con variacións positivas de diversa intensidade e xustificación.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un incremento do 13,9% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por unha leve suba da cifra de viaxeiros pero sobre todo por unha mellora da estadia media. É o cuarto ano consecutivo no que o mercado interno amosa un comportamento positivo no mes de xuño, con incrementos de diversa intensidade –máis notables en 2015 e agora en 2017-. Tal circunstancia eleva o nivel de demanda interna a 200 mil noites, a cifra máis alta desde o ano 2008.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo pois supera nun 6,3% os niveis de demanda do pasado ano –medida en pernoctacións- grazas neste caso ao incremento da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois aloxados descende un 1,7%. O crecemento global deste segmento de mercado permite xerar máis de 23 mil novas pernoctacións en relación ao pasado ano e situar o nivel en pouco máis de 390 mil no conxunto da comunidade –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.
- Desde o punto de vista dinámico o mercado receptor nacional vén amosando unha tendencia positiva desde o 2014, con crecementos continuados de intensidade variable.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta tamén un incremento da demanda en relación ao pasado ano. Supera nun 1,7% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 7,8% o nivel de pernoctacións de xuño de 2016. Este crecemento engádesse aos rexistrados nos catro anos anteriores –do 19,4% en 2013, do 8,6% en 2014, do 18,4% en 2015 e do 4,5% en 2016- acumulando, por tanto, cinco anos consecutivos de comportamento positivo neste mes de xuño –dato que confirma neste caso que a temporada media en xeral é moi favorable ao turismo internacional en Galicia.

- Con esta dinámica o mercado internacional acada neste 2017 máximos históricos de demanda no mes de xuño con pouco máis de 171 mil viaxeiros aloxados e case 268 mil noites nos establecementos hoteleiros da comunidade.
- A importancia do turismo internacional en Galicia no mes de xuño vén reflectida polo seu peso no conxunto da demanda. Supón en 2017 o 37% dos viaxeiros aloxados e o 31% das pernoctacións totais da comunidade –cifras moi importantes que en todo caso quedan por debaixo das rexistradas no pasado mes de maio-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira, con incrementos en tres das catro provincias galegas. Marca a excepción Lugo, provincia na que os niveis de demanda caen un 3,8%.
- Pontevedra marca o crecemento máis notable superando nun 14,5% os niveis de xuño do pasado ano –grazas ao incremento parello da cifra de viaxeiros e da estadía media-. En A Coruña e Ourense rexístranse tamén melloras –do 8,7% na primeira e de pouco máis dun 1% na segunda- como consecuencia neste caso de melloras da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia sobe neste mes de xuño –un 8,0% en particular- situándose en case 1,9 noites de media. Este incremento rompe coa tendencia de caídas consecutivas da estadía media nos oito anos anteriores –só puntualmente amortiguada por un leve incremento en 2014- que levaron a cifra final a mínimos históricos con 1,7 noites en xuño de 2016. A pesar da suba rexistrada, o nivel continúa sendo baixo en comparación coas cifras que se rexistraban, por exemplo, en 2007 ou 2008 –cando se aproximaba a 2,2 noites neste sexto mes do ano-.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de leve suba da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas incrementouse un 1,0% en relación ao mes de xuño do pasado ano, cifra inferior á da suba das pernoctacións-, circunstancia que permite mellorar os niveis de ocupación do sector –en particular, sobe en 2,8 puntos porcentuais para situarse no 40,9% de media-. Son cinco anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación hoteleira en Galicia no mes de xuño, circunstancia que coloca o dato de 2017 no máis elevado desde o 2004 –penúltimo Xacobeo-.
- Con todo Galicia segue rexistrando unha das cifras máis baixas do conxunto do Estado se ben neste mes supera as cifras de cinco comunidades en concreto –Castela e León, Asturias, Aragón, Extremadura e Castela A Mancha-. Dista moito da cifra rexistrada en Baleares –destino que lidera o ranking a nivel estatal cun promedio do 84,9%- . A media do conxunto de España sitúase no 66,45%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación mellora en todas as comunidades autónomas. Cataluña é neste caso o destino que amosa o incremento máis destacado, de 7,4 puntos porcentuais en relación ao pasado ano. No lado contrario é xustamente Baleares o destino que amosa menor dinamismo pois mantense en niveis do pasado ano.
- As tarifas hoteleiras en Galicia increméntanse neste sexto mes do ano –un 4,8%- situándose en 55,7 euros de media –cifra semellante ás de abril e maio e que supera neste caso os valores rexistrados en Asturias, Extremadura, Castela A Mancha e Aragón-. Madrid é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de xuño con 101,5 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Baleares –con 97,5 euros-, Cataluña –con

95,3 euros- e o País Vasco –con 88,9 euros-. Estas catro sitúanse por encima da media estatal, que neste queda nos 87,5 euros de media.

- Os prezos hoteleiros soben en boa parte das comunidades autónomas destacando en intensidade Madrid –cun incremento do 23,9%-, e nun segundo termo Baleares e Cataluña –cunha suba do contorno do 11% en ambos casos-.
- O incremento das cifras de demanda e dos niveis de ocupación neste mes de xuño, acontecida nun contexto de crecemento dos prezos hoteleiros, ten como consecuencia que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren sensiblemente os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2016 –o RevPAR sobe un 10,3% ata situarse en 25,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a sexta cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 85,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de xuño. Sitúase por diante das restantes comunidades entre as que destacan Madrid –con 81,0 euros-, Cataluña –con 72,3 euros- e Canarias –con 71,6 euros neste caso-. No lado contrario marca o valor máis baixo Castela A Mancha –con menos de 20 euros de media-.
- En termos dinámicos é tamén Madrid o destino onde se rexistra un incremento máis intenso do RevPAR hoteleiro, superando nun 31,2% o valor do pasado ano. Presenta tamén subas importantes Cataluña –do 20,5% neste caso-.

1º SEMESTRE 2017

Tab. 2. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. 1º Semestre 2017

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16
VIAXEIRO S	47.134.464	4,8%	1.787.663	4,5%
NOITES	147.031.820	4,5%	3.219.192	7,6%
ESTADÍA MEDIA	3,12	-0,4%	1,80	2,9%
% OCUPACIÓN	56,67%	2,29	30,66%	2,59

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No primeiro semestre deste ano 2017 Galicia rexistra un incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros, do 4,5% en relación ao mesmo período do pasado ano, acadando preto de 1,8 millóns. Sobe tamén o volume de pernoctacións –un 7,6% neste caso- con algo máis de 3,2 millóns no conxunto da comunidade.
- O incremento da demanda deste ano engádesse ao rexistrado nos tres anteriores. O volume de pernoctacións sobe un 4,1% no primeiro semestre de 2014 -rompendo unha serie de caídas consecutivas nos tres anos anteriores-, un 7,9% en 2015 e un 5,0% en 2016. Son, por tanto, catro anos consecutivos de crecemento no conxunto dos seis primeiros meses do ano, circunstancia que permite superar levemente os 3,2 millóns de pernoctacións neste período –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella. O incremento deste ano engádesse ao rexistrado nos catro anteriores neste caso continuando por tanto coa tendencia positiva iniciada no primeiro semestre de 2013. Desta maneira, os incrementos consecutivos do 1,1% en 2013, do 6,2% en 2014, do 12,8% en 2015, do 6,4% en 2016 e do 4,5% agora en 2017 elevan a cifra global a preto de 1,8 millóns no conxunto da comunidade, cifra que supón neste caso un máximo histórico en Galicia.
- A nivel estatal obsérvase tamén un comportamento positivo da demanda de similar intensidade: sobe a cifra de viaxeiros aloxados, nun 4,8%, e tamén o nivel de pernoctacións, un 4,5% neste caso.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos incrementos observados en todas as comunidades autónomas, isto é, obsérvase un comportamento homoxéneo a nivel dos distintos territorios do Estado. Neste contexto destacan dúas comunidades –Cantabria e o País Vasco- por presentar os incrementos máis notables –pois superan nun 10,1% e 9,5%, respectivamente, os niveis do mesmo período do pasado ano-.
- Nun segundo grupo, con incrementos tamén notables do contorno do 8% interanual, sitúanse Aragón e Galicia. Así pois, son as comunidades do norte peninsular as que lideran o crecemento da demanda hoteleira –en termos relativos- no conxunto do Estado. Neste contexto Galicia ocupa a cuarta posición en termos de intensidade participando por tanto do contexto positivo no conxunto de España.

- En termos de viaxeiros aloxados acontece algo semellante. Obsérvase un crecemento xeneralizado que lideran neste caso dous destinos concretos: Cantabria e Aragón.
- Canarias –con preto de 33,9 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste primeiro semestre do ano –absorbendo o 23,0% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Cataluña –con algo máis de 24,2 millóns-, Andalucía –con 23,0 millóns- e Baleares –con pouco máis de 21,8 millóns-, por diante da C. Valenciana –con algo máis de 12,6 millóns- e Madrid –con pouco máis de 11,6 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86,5% do total da demanda hoteleira de España. Galicia ocupa neste período a oitava posición representando o 2,2% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con crecementos de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un incremento do 5,2% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado pola mellora da cifra de viaxeiros aloxados, do 2,5% e unha mellora da estada media. É o cuarto ano consecutivo no que se observa un comportamento positivo deste segmento nos primeiros seis meses –ao crecemento deste ano hai que engadir a suba rexistrada en 2014, do 0,7%, en 2014, do 1,8%, e en 2015, do 2,6% neste caso-. O resultado global sitúa o nivel de pernoctacións en pouco máis de 923 mil, a cifra máis elevada dos últimos seis anos. En termos de viaxeiros aloxados o mercado interno acadou 524 mil neste período, o dato máis elevado desde o 2008.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo superando nun 4,9% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 7,9% o volume de pernoctacións. Este incremento engádesse tamén aos rexistrados nos tres anos anteriores –do 4,8% en 2014, do 9,2% en 2015 e do 5,5% en 2016- acumulando por tanto algo máis de 1,44 millóns de pernoctacións nos establecementos hoteleiros de Galicia –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.
- Neste período de seis meses o peso do mercado receptor nacional ascende ao 44,9% do total da demanda hoteleira.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta un incremento importante en relación ao pasado ano. Supera nun 6,1% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 9,7% o nivel de pernoctacións do mesmo período de 2016. É o quinto ano consecutivo no que o mercado internacional amosa un comportamento positivo no primeiro semestre do ano, con crecementos sostidos que permiten acadar máximos históricos de demanda con preto de 533 mil viaxeiros aloxados e 851 mil noites nos establecementos hoteleiros de Galicia.
- O mellor comportamento relativo do turismo internacional fronte ao nacional permite ao primeiro gañar cuota de mercado en Galicia e representar xa o 26,5% do total da demanda neste período de seis meses –cifra que tamén supón un máximo histórico na nosa comunidade-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de leve caída da oferta, isto é, do número de prazas dispoñibles no conxunto de Galicia, o que permite mellorar os niveis de ocupación. En particular, sobe en 2,6 puntos porcentuais ata situarse no 30,7% de media neste primeiro semestre –a cifra máis elevada dos últimos nove anos-. Son catro anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación neste período.